



Tel. 986 76 84 09

Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
D E
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

CONCURSO-OPOSICION LIBRE PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVA DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES

ACTA DO TERCEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

No Salón de Actos da Casa do Concello de Fornelos de Montes, sendo as trece horas e trinta minutos do día sete de xuño de dous mil dezaioito, en cumprimento do Decreto da Alcaldía de Fornelos de Montes de data 17 de abril de 2018, e consonte o acordado polo tribunal coa aceptación expresa da única candidata existente, reúnense os integrantes do Tribunal que se constituíu para valorar os méritos dos candidatos e realizar os exercicios da fase de oposición no concurso-oposición libre para a provisión dunha praza de funcionario pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Administrativa do Concello de Fornelos de Montes.

Presidente:

Don José M^a Santaló Rodríguez,

Secretario:

Dona M^a del Rosario González Sánchez,

Vogais:

Mónica Barreiro Estévez, Elvira Crespo Casal e José Antonio Lorenzo Pérez.

O Sr. Presidente declara constituído o Tribunal, realizándose acto seguido a proba correspondente ó terceiro exercicio da fase de oposición. Será un exame teórico de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en contestar un cuestionario tipo test de cincuenta (50) preguntas e respostas alternativas, das que só unha é correcta, relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo a estas bases e que se desenvolverá nun tempo máximo dunha hora. Puntuarase 0,20 puntos por pregunta correctamente acertada, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas.

Tras dialogar o tribunal sobre as preguntas seleccionadas, que quedan unidas ao expediente, realízase esta proba escrita pola única candidata presentada, que non esgota o tempo máximo establecido, sendo o seu resultado o seguinte:

Apelidos e nome	D.N.I.	Puntuación
Boullosa Peralba, Vanesa	36165795C	9,40 puntos

Acto seguido, ao estar a candidata exenta da realización do cuarto exercicio, por estar en posesión do título de CELGA 4, correspondéndolle a puntuación máxima de 2 puntos, de conformidade co establecido na Base Sétima das que rexen a convocatoria,



C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

o tribunal procede a establecer a cualificación obtida pola única aspirante no proceso selectivo, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios e de engadir puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a seguinte puntuación final.

Nome e apelidos

**Puntuación Obtida
Na cualificación final**

Boullosa Peralba, Vanesa $8,27 + 10,00 + 9,40 + 2,00 + 14,50 = 44,17$ puntos

En consecuencia, ao superar a candidata a puntuación mínima esixida en tódolos exercicios, propónse á Alcaldía o nomeamento para ao posto de funcionario auxiliar Administrativo de Administración Xeral do Concello de Fornelos de Montes de dona Vanesa Boullosa Peralba, con D.N.I: 36165795C

Rematado o acto, polo Sr. Presidente levántase a sesión sendo as catorce horas e corenta minutos da data expresada ao comezo, estendéndose a presente acta que asinan en proba de conformidade tódolos asistentes, comigo o secretario, que CERTIFICO.

O PRESIDENTE

José M^a Santaló Rodríguez

O SECRETARIO

M^a del Rosario González Sánchez,



VOGAIS:

Mónica Barreiro Estévez

Elvira Crespo Casal

José Antonio Lorenzo Pérez